

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 14 de febreiro de 2024**

Con data catorce de febreiro do ano dous mil vinte e catro, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste a deputada dona Teresa Barge Bello, que escusa á súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 5 de febreiro de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 5 de febreiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobación das bases e convocatoria do premio Otero Pedrayo, correspondentes ao ano 2024, con suxeición ás seguintes cláusulas:

1.- Convocatoria

1.1.- Convócase o premio “Otero Pedrayo 2024”, dotado con 16.000,00 €, atendendo ás disposicións do regulamento correspondente.

1.2.- Esta convocatoria corresponde ó ano 2024, de acordo co disposto no regulamento, no que se establece o seu ámbito autonómico e o seu carácter anual, convocándose cada ano por unha das deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por esta mesma orde.

1.3.- Atendendo ás razóns expostas, a convocatoria e concesión do premio, na edición do 2024, atribúeselle á Deputación Provincial de Ourense, que consignará, no seu orzamento de gastos o importe do premio (16.000,00 €), máis gastos correspondentes á súa organización, e no de ingresos, as sumas que deberán achegar cada unha das demais deputacións de Galicia, cotitulares do premio, na contía de 2.000,00 €/cada unha delas, e na de 8.000,00 € á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

2.- Obxecto do premio

O premio “Otero Pedrayo” ten por obxecto:

2.1.- Perpetuar e honrar a memoria da persoa egrexia das letras e do coñecemento.

2.2.- Premiar un labor que constituía unha contribución eminente á cultura galega.

2.3.- Promover os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora da súa cidadanía e institucións.

3.- Candidatos

3.1.- Poderán optar ao premio:

- As persoas naturais nadas ou residentes en Galicia ou con cumprida raizame nela.
- Os grupos de traballo radicados en Galicia ou constituídos para promover a cultura galega.
- As personalidades ou institucións que se teñan caracterizado pola difusión e polo mantemento da cultura galega.

3.2.- A opción ao premio determinarase por unha candidatura, que poderá ser feita:

- Por calquera persoa física ou xurídica das sinaladas no apartado 3.1, respecto de si mesmas.
- Polas entidades académicas e culturais galegas respecto dos seus membros.
- Por calquera das deputacións provinciais de Galicia, a proposta das respectivas comisións de cultura.
- Pola Xunta de Galicia, oída a consellería correspondente.
- Polo mesmo xurado, xa constituído.

4. Tramitación

4.1.- A presentación de candidatos ao premio será formulada en escrito dirixido ao presidente da Deputación Provincial de Ourense e deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación deberá realizarse preferentemente por medios telemáticos a través do procedemento “Premio Otero Pedrayo 2024” dispoñible no catálogo de servizos da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>). Opcionalmente, poderá presentarse a inscrición de forma presencial segundo o establecido no parágrafo anterior.

4.2.- A presentación de candidaturas realizarase no prazo de tres (3) meses, a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Ourense. Esta publicación realizarase tamén nos boletíns oficiais das provincias da Coruña, Lugo, Pontevedra, no DOG e nos diarios de máis difusión da Comunidade Autónoma.

4.3.- Xunto co formulario de presentación de candidaturas as persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Recensión biográfica da persoa ou agrupación que aspira ao premio.
- Documentos e antecedentes que se consideren de interese para o coñecemento da súa dimensión literaria ou científica.
- Cinco exemplares do texto do traballo co que se opta ao premio, presentados a dobre espazo, letra Times New Roman, corpo 12, no caso de que a proposta se basee nunha obra ou produción singular concreta (un único exemplar, se se presenta telematicamente).
- No caso de agrupacións e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexan e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio.

4.3.- A presentación da candidatura determina a aceptación íntegra das condicións desta convocatoria e das contidas no regulamento do premio.

4.4.- Unha vez rematado o prazo ao que se refire a liña 4.2, a Secretaría da Deputación de Ourense expedirá unha certificación das propostas presentadas que, xunto con elas e coa documentación correspondente, pasarán ao xurado do premio, para que todos os membros as coñezan con antelación suficiente á reunión de deliberación.

4.5.- A cada solicitude ou proposta xuntaránselle cantos documentos sexan considerados de interese para o mellor coñecemento do/da candidato/candidata.

5.- Xurado e actuación

5.1.- Para adxudicar o premio ao que se refire esta convocatoria, constituirase un xurado, integrado do xeito seguinte:

- Presidente: o da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue.
 - Vicepresidente: o presidente da Deputación convocante do premio que, neste ano, lle corresponde á Deputación de Ourense, ou persoa en quen delegue.
 - Vogais:
 - * Os presidentes das tres deputacións restantes ou persoas nas que deleguen.
 - * O presidente da Comisión de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade da Deputación convocante.
 - * O conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, ou persoa en quen delegue.
 - * Un representante de cada un dos seguintes organismos:
 - a) Universidade de Santiago de Compostela
 - b) Universidade de Vigo
 - c) Universidade de A Coruña
 - d) Real Academia Galega
 - e) Instituto Padre Sarmiento de estudos galegos
 - f) Fundación Otero Pedrayo
 - Cinco (5) persoas de recoñecida autoridade científica e literaria, designadas pola Xunta de Galicia e de cada unha das deputacións.
- Procurarase a paridade de xéneros nos membros do xurado.
- Secretario, con voz e sen voto, o da Deputación de Ourense, ou persoa en quen delegue.

5.2.- O xurado constituído emitirá o seu ditame no mes seguinte ao día que remate o prazo de presentación de candidatos e a súa actuación suxeitarase ao determinado nos artigos 4.2 a 4.6 do regulamento do premio.

5.3.- Da actuación do xurado e da adxudicación do premio será redactada a acta detallada que, unha vez asinada polos seus membros e coa totalidade das documentacións presentadas, pasará a coñecemento do Pleno da Deputación convocante, na primeira sesión que teña lugar.

5.4.- A copia da acta e dos demais antecedentes, que cumpran, para o coñecemento da tramitación do premio, remitiráselles ás Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra.

6.- Entrega do premio

A entrega do premio realizarase no lugar e na data que determine o presidente da Deputación de Ourense, nun acto solemne e coa asistencia dos membros da Corporación Provincial e do xurado, así como de personalidades das artes, letras e ciencias da Comunidade Autónoma.

Xunto co premio, a persoa galardoada recibirá unha copia da acta da reunión do xurado.

7.- Normas supletorias

No que non estea previsto expresamente nestas bases, o xurado e a Deputación convocante terán en conta as normas contidas no regulamento do premio e nos xerais do funcionamento da Corporación Provincial, así como na lexislación vixente.

8.- Protección de datos

Os datos subministrados teñen a finalidade de tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como polo Regulamento Europeo de Protección de Datos, núm. 2016/679, de 27 de abril de 2016.

O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, e a base de lexitimación é o consentimento do interesado e o cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Non está prevista a cesión de datos a terceiros, salvo obriga legal.

Os datos conservaranse durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o previsto na normativa de arquivos e documentos.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros

motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente. En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. Deputación de Ourense deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións. Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a Deputación de Ourense nun formato estruturado, de uso común e lexible. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por Deputación de Ourense de xeito automatizado (medios informáticos).

Estes dereitos poderán exercerse perante das oficinas centrais da Deputación sitas na Rúa Progreso, 32 – 32003 Ourense ou ben a través de medios electrónicos, dirixindo un correo ao enderezo dpd@depourense.es. Pode consultar a información acerca das actividades de tratamento de datos persoais e do exercicio dos seus dereitos no seguinte enderezo: <https://www.depourense.gal/index.php/oficina-provincial-de-proteccion-de-datos-y-seguridad>.

2º) Ordenar a inserción do correspondente anuncio nos boletíns e demais diarios recollidos na base 4ª.

3.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS NA RÚA ELENA QUIROGA (MARXE ESQUERDO).

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa a favor do Concello do Barco de Valdeorras, para a execución da obra *de pavimentación e renovación de infraestruturas na rúa Elena Quiroga (marxe esquerdo)*, polo importe de 100.000,00 euros, coas seguintes condicións:

1.- **A contratación do investimento subvencionado**, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (155.000,00) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da

Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o **31 de outubro de 2024**

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido.

3.- Non obstante o anterior, se fose do interese desa entidade local que a tramitación do expediente de contratación se realice por esta deputación provincial, deberá comunicalo á Sección de Contratación no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a recepción da notificación deste acordo. Neste suposto, a contratación verificarase, en atención o valor estimado do contrato, ben mediante contratación menor con publicidade a través da plataforma de licitación electrónica desta deputación –de forma que calquera licitador interesado poida presentar oferta- utilizando como criterio único de adxudicación o mellor prezo ofertado ou ben mediante procedemento aberto e utilizando como criterios de valoración automática o prezo (cunha ponderación de 90 puntos) e o prazo de garantía (cunha ponderación de 10 puntos). Os remanentes xerados polas eventuais baixas resultantes da adxudicación, incorporaranse ós orzamentos provinciais coa excepción dos procedentes, no seu caso, das aportacións municipais, previo o prorrateo correspondente. Neste caso, concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario. A desconformidade do concello coa

recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución

4.- En todo caso, a dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

4.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE OÍMBRA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa a favor do Concello de Oímbra, para a execución da obra de *instalacións deportivas*, polo importe de 46.407,60 euros, coas seguintes condicións:

1.- **A contratación do investimento subvencionado**, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a **xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario**, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (46.407,60) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o **31 de outubro de 2024**

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido.

3.- Non obstante o anterior, se fose do interese desa entidade local que a tramitación do expediente de contratación se realice por esta deputación provincial, deberá comunicalo á Sección de Contratación no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a recepción da notificación deste acordo. Neste suposto, a contratación verificarase, en atención o valor estimado do contrato, ben mediante contratación menor con publicidade a través da plataforma de licitación electrónica desta deputación –de forma que calquera licitador interesado poida presentar oferta- utilizando como criterio único de adxudicación o mellor prezo ofertado ou ben mediante procedemento aberto e utilizando como criterios de valoración automática o prezo (cunha ponderación de 90 puntos) e o prazo de garantía (cunha ponderación de 10 puntos). Os remanentes xerados polas eventuais baixas resultantes da adxudicación, incorporaranse ós orzamentos provinciais coa excepción dos procedentes, no seu caso, das aportacións municipais, previo o prorrateo correspondente. Neste caso, concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario. A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

4.- En todo caso, a dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

5.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE RUBIÁ PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa a favor do Concello de Rubiá, para a execución da obra de *acondicionamento de espazos públicos*, polo importe de 40.000,00 euros, coas seguintes condicións:

1.- **A contratación do investimento subvencionado**, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a **xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario**, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (40.000,00) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En

todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o **31 de outubro de 2024**

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido.

3.- Non obstante o anterior, se fose do interese desa entidade local que a tramitación do expediente de contratación se realice por esta deputación provincial, deberá comunicalo á Sección de Contratación no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a recepción da notificación deste acordo. Neste suposto, a contratación verificarase, en atención o valor estimado do contrato, ben mediante contratación menor con publicidade a través da plataforma de licitación electrónica desta deputación –de forma que calquera licitador interesado poida presentar oferta- utilizando como criterio único de adxudicación o mellor prezo ofertado ou ben mediante procedemento aberto e utilizando como criterios de

valoración automática o prezo (cunha ponderación de 90 puntos) e o prazo de garantía (cunha ponderación de 10 puntos). Os remanentes xerados polas eventuais baixas resultantes da adxudicación, incorporaranse ós orzamentos provinciais coa excepción dos procedentes, no seu caso, das aportacións municipais, previo o prorrateo correspondente. Neste caso, concluída a execución da actuación subvencionada, comunicárase ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario. A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución

4.- En todo caso, a dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

6.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE RUBIÁ PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DO ACCESO A TRAMBASAUGAS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa a favor do Concello de Rubiá, para a execución da obra de *mellora do acceso a Trambasaugas*, polo importe de 48.000,00 euros, coas seguintes condicións:

1.- **A contratación do investimento subvencionado**, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a **xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario**, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.000,00) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as

entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o **31 de outubro de 2024**

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido.

3.- Non obstante o anterior, se fose do interese desa entidade local que a tramitación do expediente de contratación se realice por esta deputación provincial, deberá comunicalo á Sección de Contratación no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a recepción da notificación deste acordo. Neste suposto, a contratación verificarase, en atención o valor estimado do contrato, ben mediante contratación menor con publicidade a través da plataforma de licitación electrónica desta deputación –de forma que calquera licitador interesado poida presentar oferta- utilizando como criterio único de adxudicación o mellor prezo ofertado ou ben mediante procedemento aberto e utilizando como criterios de valoración automática o prezo (cunha ponderación de 90 puntos) e o prazo de garantía (cunha ponderación de 10 puntos). Os remanentes xerados polas eventuais baixas resultantes da adxudicación, incorporaranse ós orzamentos provinciais coa excepción dos procedentes, no seu caso, das aportacións municipais, previo o prorrateo correspondente. Neste caso, concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario. A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

4.- En todo caso, a dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a

administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

7.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE RUBIÁ PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE RÚAS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa a favor do Concello de Rubiá, para a execución da obra de *pavimentación de rúas*, polo importe de 145.000,00 euros, coas seguintes condicións:

1.- **A contratación do investimento subvencionado**, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a **xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario**, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (145.000,00) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

